

PAULO E RUTH

Luz iluminando os narradores.

Música nº 1

(Imaxe dunha cociña nº 1.

Narrador 1: Esta é a historia de dous nenos dun colexio de Narón. Chamábanse Paulo e Ruth.

Narrador 2: Eran dous irmáns que nos primeiros anos estaban sempre moi ledos. A súa nai levábaos ao colexio e o pai ía recollelos cando saía do traballo.

Nai : Imos Paulo, Ruth, que chegamos tarde!

Paulo e Ruth: Xa imos mamá.

Pai : Vai amodiño que hoxe hai moita néboa!

Nai: Ata mediodía corazón, que che vaia ben no traballo.

Pai: E a ti tamén. Descansa un pouco que sempre andas ás carreiras.

Nai: É que hoxe teño que facer a comida, lavar a roupa e limpar a casa que está todo manga por hombro.

Pai : Non te preocupes, xa plancho eu cando chegue.

Nenos (dándolle un bico): Adeus papá, adeus mamá.

Apagar luces, iluminar os narradores.

Imaxe 2 (despacho da fábrica).

Narrador 1 : Así pasaban os anos, e nas vacacións saían de viaxe.

Narrador 2: Si. Coñecían moitos países de Europa, e os nenos aprendían moitas cousas en cada viaxe. Pero desafortunadamente isto empezou a cambiar.

Xefe da fábrica: Ven falar conmigo

Pai: Que pasou?

Xefe: Hai malas noticias que darche...

Pai: Non me asustes, por favor!

Xefe: Teño que despedirte porque levamos tendo perdas moitos meses...

Pai: Por que a min?

Xefe: Porque es o máis novo na empresa.

Pai: *(enfadado, tira a cadeira e vaise)* É inxusto, que vai ser de min?

Xefe: *(berrando)* Síntoo, non poido facer outra cousa.

Apagar luces, iluminar os narradores.

Imaxe 3 (comedor).

Narrador 3: Despois disto o pai volveu a casa moi triste.

Paulo: Ola papá, que tal no traballo?

Ruth: Ola papá, déronme un sobresaínte no traballo que me axudaras a facer ti!

Nai: E ti que tal?

Pai : Teño unha mala noticia que darvos. Aconteceu o que xa temía.
Despedíronme do traballo .

Nai . Pero xa é fixo?

Pai: Si. A vindeira semana non teño que ir traballar.

Nai : Non te preocupes. Ti estás moi preparado, es moi traballador e vas atopar traballo de camiño.

Paulo : Claro papá, ti es moi listo.

Ruth: O máis listo e bo de todos!

Pai : Agardo que si. Empezarei a buscar traballo mañá mesmo. Non me importa o que teña que facer. Estou disposto a todo!

Narrador 3 : E así foi. Ao día seguinte ergueuse cedo e marchou buscar traballo. E a mediodía chegou á casa bastante triste.

Paulo : Papá, atopache xa traballo?

Pai: Non filliño, aínda non, pero non te preocupes que o atoparei!

Nai : Claro que si, vos estade tranquilos que papá logo volverá traballar.

Narrador 5 : Pasaban os días e o pai non atopaba traballo e cada vez aparecía na casa máis enfadado.

Ruth: Papá, atopache traballo?

Pai (*enfadado*): Non me preguntes todos os días o mesmo! non , aínda non, pesada.

Nai : Non te preocupes que xa o atoparás.

Pai : Si, é moi doado dicir “ non te preocupes”, pero pasan os días e os cartos vanse acabando.

Nai : Aínda temos aforros, tranquilo e cambia a cara que sempre tes cara de besugo!

Pai : Non sei que cara queres que poña! Non entendo como podes estar tan tranquila, parece que non tes sangue!

Nai : Con poñernos tolos non amañamos nada!

Pai : Como eu digo, moi bonito falar, veremos que comemos se non atopo traballo!

Apagar luces, iluminar só os narradores.

Imaxe 4 (dobre)

Narrador 6: O pai cada vez estaba máis enfadado e triste. Xa non ría cos nenos nin lles preguntaba cousas do colexio e coa súa dona estaba continuamente discutindo.

Narrador 5 : Un día a mediodía o pai non apareceu na casa. Os nenos chegaron e preguntaron por el. A nai disculpouno dicindo que se retrasaría por calquera cousa, que non se preocuparan e ela empezou a chamar por teléfono.

Nai : (*marcando*).Ola Leticia. Son a tua nora. Está Pedro por aí?

Leticia. Quen fala? Diga, diga, non escoito nada!

Nai : Son a túa nora.

Leticia: Se son boa sogra? Claro que son boa sogra , qué preguntas son esas?

Nai: Non muller non, son a túa nora.

Leticia: A voltas se son boa sogra! Que maleducados! Manolo ven aquí e rifa cos que chaman por teléfono que me están molestando!

Manolo: A ver, quen está ao aparato? Non teñen que facer ou qué? Como molestan a miña dona?

Nai: Manolo, son a túa nora, non molestaba e que non escoita nada!

Manolo : É verdade, pobre, cada vez oe peor. Pero que pasou?

Nai : Está ai o meu home?

Manolo: Non, non veu por aquí. Pasou algo?

Nai : Non, supoño que logo chegará. Non te preocupes. Ata outro día!

Imaxe número 5 (dobre)

Nai (marcando de novo) Celeste . Está por aí Pedro?

Celeste: Non, aquí non veu. Pasou algo?

Nai : Non, e que non chegou, e empezo a preocuparme.

Celeste: Non te preocupes muller, logo chegará. Xa sabes como é de despistado, ao mellor quedou durmido no coche.

Nai: Si, será un pouco desastre pero sempre veu durmir a casa.

Apagar lucesm, música número 1.

Imaxe 6 (comedor)

Narrador 6: A nai empezou a preocuparse de verdade. Cando ía chamar á policía sentiu que abrían a porta, e era Pedro, pero mirade como chegou!

Pai: (*Borracho, andando dun lado para outro*):A mi me gusta el flow de la cucaracha...

Nai : Nenos, ide para o voso cuarto facer os deberes

Pai : Iso, iso, ide para o voso cuarto, xa vai sendo hora de traballar, que sodes uns folgazáns...

Nai : Pero como se che ocorre vir así? Que dirán os nenos? Vas gastar os poucos cartos que temos en viño?

Pai : (berrando): Quen es ti para rifarme? Quen trouxo ata agora os cartos? Eu gasto no que me da a gana! Para iso traballei sempre! E ti que falas? Trouxeche algunha vez un euro para a casa? Ah si, é verdade, un día co atopaches perdido no Mercadona.

Nai: Paréceche pouco o que traballo eu? Fago a comida, a limpeza, atendo aos nenos, a casa..

Pai : A comida? Esa purrela de comida que non hai quen a trague! A ver, traina axiña e deixa de falar tanto que é o que sabes facer!

Nai (*dalle a comida*).

Pai : A isto lle chamas traballar? Esta comida hai que tirala aos porcos! Nin eles a comerán! Está todo queimado e reseco!

Nai : Estaba ben feita, pero agora estará fría por tardar tanto!

Pai : (*berrando*) : Non me rechistes, xa che dixen que non me rechistes!

Apagar luces. Iluminar só ós narradores.

Narrador 7: A nai marchou da cociña e levou aos nenos as actividades. Pero a partires dese día todo cambiou. O pai nunca chegaba para comer e cando chegaba a casa viña sempre borracho. Os nenos sempre estaban no seu cuarto porque non querían velo así. Cheiraba a alcohol e a tabaco e sempre, sempre estaba de mal humor.

Un día a nai tivo que falar con el.

Nai : Pedro, necesito cartos, hai que pagar a excursión dos nenos.

Pai : Pero ti que pensas? Que os cartos caen pola chimenea? Xa che din 60 euros o outro día!

Nai : Gasteinos en comida e no material para os nenos!

Pai : E que es unha despilfarradora, só sabes gastar, seguro que paras a tomar o café cando vas levar os nenos ao colexio!

Nai : Non tomo o café en ningún sitio. E non sei de que te queixas. Non mercamos roupa desde hai un ano. Ben me cadra coa roupa que me dan as veciñas para vestirme eu, ti e os nenos!

Pai : Pero qué dis lareta? Así que fuche contando todo por aí? Agora todos os veciños dirán que son un medio home, que non valgo siquera para manter a familia! Es un desastre, non quero vivir máis contigo, lareta, palurda, e mal vestida. Habías de ver como se arreglan outras mulleres, ! (*Levántase e dalle un empujón e cae*) : lisca de aquí ,que me da noxo verte.

Música número 2.

Narrador 8. O pai saiu e os nenos viñeron para xunto da súa nai.

Paulo: Mamá, que pasou, por que se escoitou ese golpe?

Nai : Nada, fun eu que tropecei e caín!

Ruth : Foi papá que o escoitei berrar!

Nai : Non , fun eu, papá estaba enfadado pero non me empurrou!

Ruth: Si que te empurrou, escoiteino eu.

Nai: Non me rechistes, se che digo que non foi el e que non foi. Vai para o teu cuarto.

Ruth: Non sei porque o disculpas, isto non pode seguir así.

Apagar luces, iluminar só ós narradores.

Imaxe número 7 (patio).

Narrador 7: Os nenos sabían o que pasara, e isto foi un principio dunha nova etapa moi triste porque Paulo e Ruth cambiaron moito no colexio. Paulo empezou a pegar.

(Imaxe dun aula)

Paulo (*pegándolle a un neno*): Bobo, burro non sabes nada! Lisca de aquí.

Neno 1 : Pero Paulo se sempre fomos amigos!

Paulo : (*dándolle un empurrón*) :Pois agora non quero verte, palurdo!patán!

Neno1:Non sei que che pasa Paulo, ti nunca fuches así! Nunca pegache ata agora!

Paulo: Cala, rata, que non quero verte diante! Lisca de aquí!

Neno1: Está claro, algo che pasa..

Narrador 8 : Ruth pola contra tamén cambiou pero ela aprendeu a non dicir nada, a non defenderse!

Luna : (*Dándolle un pellizco*) : Fea, fea, sempre traes a mesma roupa, sempre ves mal vestida!

Ruth (*moi triste pero sen dicir nada*).

Luna : Ninguén quere estar contigo, porque cheiras mal. (*dándolle unha palmada na cabeza*).

Ruth: (*nada*).

Nena 2 : Profe, a Ruth Luna pegoulle e estivoa insultando todo o recreo!

Profe : Ruth que pasou?

Ruth (*chorando sen dicir nada*).

Apagar luces, iluminar só ós narradores.

(Imaxe número 8 (dun despacho)

Narrador 9 : A profe empezou a preocuparse. Non sabía que pasaba pero Paulo e Ruth eran outros nenos. Un día chamou á nai para falar con ela.

Nai : que pasou profe?

Profe : pois iso quería preguntar. Algo ten que estar pasando na casa porque os nenos non son os mesmos. Paulo está sempre pegando e Ruth non fala nada. Poden pegalle e insultala que nin se defende nin di nada, e iso é preocupante.

Nai (chorando). Pois si que pasa. Non sei que facer . O meu home quedou sen traballo e empezou a beber. Chega borracho todos os días e berra de seguido conmigo e cos nenos. O outro día ata chegou a empurrarme e penso que os nenos se enteraron por moito que eu disimulei.

Profe: Pois tes que pedir axuda. Non podedes seguir así. Os nenos non poden estar vivindo isto na casa que ben ves o que fan eles despois. Paulo está imitando ao pai e Ruth a ti. Podes chamar ao 016 e alí che poden axudar!

Apagar luces, iluminar só ós narradores.

Imaxe número 9(despacho)

Narrador 8 . Ao chegar á casa a nai decidiu chamar. Falou co 016 puxeron unha cita coa Asistente Social. Estiveron falando moito tempo.A nai contoulle todo o que lle pasaba, e pouco a pouco empezou a sentirse un pouco liberada. Ao final a Asistente Social dixo.

Asistente Social : Está claro que non podedes seguir vivindo na casa neste momento. Imos buscar axuda para ti e para os nenos. Ides empezar a ir a terapia.

Nai : e que será do meu home?

Asistente Social : Pois tamén terá que ir a Terapia se quere. Pero así non podedes vivir. Nin por ti nin polos teus fillos.

Nai: tes razón. Teño medo seguido. Nunca sei que vai pasar, esfórzome por facer ben as cousas pero nunca está ben para el...xa non quero vivir así!

Asistente Social : o que digo, necesidades axuda e saír desta convivencia!

Música número 1.

Imaxe 10(sá de terapia).

Narrador 10: A nai e os nenos foron vivir a outro lugar e empezaron en terapia cun psicólogo. Paulo empezou a mellorar e xa non pegaba e Ruth empezou a dicir o que lle pasaba.

A nai asistía a reunións con moitas outras mulleres co mesmo problema. Alí atopou a Nicole , unha veciña súa. A nena tiña 16 anos!

Nai : Pero Nicole. Que fas ti aquí?

Nicole : Pois aínda que non o pareza eu tamén necesito axuda.

Nai,: Pero co guapa e lista que es ti! Que axuda vas necesitar?

Nicole: contoche o que me pasa. Ti ben sabes que eu tiña moi boas notas e cando cheguei ao instituto coñecín a un rapaz maior ca min. Ao principio era moi moi cariñoso e empezamos saíndo xuntos.

Rapaz. Ola . Que guapa es? Queres dar un paseo comigo?

Nicole : vale.

Rapaz: Se queres facemos xuntos os deberes pola tarde?

Nicole : que ben!

Rapaz: maña podemos ir ao cine xuntos!

Nicole: Siiiiii

Nicole : Empezamos a saír xuntos. Era moi moi bo e cariñoso e eu estaba moi leda.

Pero ao pouco as cousas empezaron a cambiar e empezou a ser moi celoso.

Rapaz: A ver, déixame ver os teus contactos no mobil.

Nicole: Por que? Iso é cousa miña.

Rapaz: Home se saimos xuntos poderei velos

Nicole : Bueno.

Rapaz: Pola tarde chámote a ver que fas.

Nicole : Vale

Narrador 7 : Ao día seguinte pasou isto..

Rapaz: que fixeche onte? Como non contestache ao teléfono ás 5 e cuarto? Como estabas en liña as 4? Quén te chamou?

Nicole : Pero isto é o colmo. Por qué me tes que controlar tanto?

Rapaz: Porque te quero!

Nicole : Iso non é amor, iso é egoísmo!

Rapaz (colléndolle o mobil). Agora non terás problema, lévoche o mobil e xa cho darei cando me fie de ti.

Nicole : Pero isto é increíble! Como me podes coller o meu móbil sen permiso?

Rapaz: Porque eres a miña moza e non quero que andes por ai con outros.

Nicole: Tes que fiarte de min, senón non podes ser o meu mozo. E dame o meu teléfono agora mesmo ou aviso ao director.

Rapaz: (Dándolle un empurrón): Toma cara anchoa, vaste arrepentir, non atoparás ningún mozo coma min.

Nicole : Non quero ningún mozo coma ti, atoparei outro moito mellor! Es un celoso, inseguro e infantil. Terás que mellorar moito para que te ature algunha outra rapaza!

Rapaz: Iso é o que pensas ti, teño mozas a montóns!.

Nicole : (falando xa coa nai dos nenos). E iso foi o que pasou. Quedei moi leda de perdelo de vista pero afectoume tanto que teño ansiedade é por iso estou aquí.

Nai : Fixeche moi ben deixar ese mozo. E estudia para ter a túa carreira e non depender de ninguén. Eu teño que estar agora aprendendo un oficio para gañar cartos por min mesma!

Apagar luces. Iluminar só ós narradores.

Música número 1.

Imaxe 11 (alcohólicos anónimos).

Narrador 7: A nai cada vez estaba mellor. Xa estaba máis tranquila.

Narrador 9 : O pai dos nenos cando viu que quedara so acudiu a unha asociación que se chama “ Alcohólicos Anónimos “ para deixar de beber. Levaba alí un mes e foino ver a súa irmá.

Pai: Que alegría verte!Canto tempo!

Celeste: Siii, xa paraches de beber?

Pai: Si, aquí axudáronme moito, xa sabes que pola bebida perdín a miña familia e nin poido ver aos meus fillos (chorando).

Celeste: Prométoche que se segues así poderás recuperar de novo a túa familia e poderás vivir feliz porque ti eras moi bo e queriádesvos moito.

Pai: Si, a ver se é verdade! Estouno desexando, irmá querida (abrazándose).

Apagar luces, iluminar só ós narradores.

Imaxe número 12 (Nadal).

Narrador 9: Como vedes o pai leva en tratamento un mes e polo de agora non bebe nada . Hai esperanza. Se volve ser coma antes tal vez poida recuperar a súa familia. Pero se segue bebendo, insultando e pegando non, porque ninguén pode vivir así.

Narrador 7 : En terapia había moita xente, todos facían moitas actividades entre nenos e adultos e polo festival de Nadal fixeron este baile que ides ver. A ver se vos gusta.

Baile (Mestura de varias cancións).